



CAMPUS DE EXCELENCIA
INTERNACIONAL



Entre os 5 mellores de España

Grao en Enxeñaría Química

www.usc.es/etse/greq

*Titulo de Enxeñaría Química acreditado por
Institution of Chemical Engineers*



O obxectivo principal da Grao en Enxeñaría Química é a de proporcionar unha formación ampla en procesos (industriais e naturais) que levan consigo a transformación de materiais e enerxía en produtos útiles, sen comprometer á natureza, á seguridade ou á dispoñibilidade finita de recursos.

GRAO

No curso 2010-11 iníciase a docencia de Grao en Enxeñaría Química da Universidade de Santiago de Compostela, titulación adaptada ó Espazo Europeo de Educación Superior. Esta titulación ten como finalidade a obtención dunha formación que lle permite ó futuro titulado desenvolver unha labor profesional no ámbito da Enxeñaría, coas atribucións profesionais recollidas na Orde do Ministerio de Ciencia e Innovación, CIN/351/2009 (BOE 20 de febreiro de 2009).

ORIENTACIÓNS

Ofértase a posibilidade de adquirir unha formación especializada durante os últimos dous anos de carreira, en dúas orientacións.

- **Procesos químicos:** Proporciona un coñecemento detallado dos procesos industriais que se fundamentan no uso de reaccións químicas. Abórdanse con máis detalle os procesos utilizados na industria química e profundízase en aspectos tales como a seguridade e prevención de riscos e a xestión da calidade.
- **Enxeñaría Ambiental:** Estúdanse as diferentes opcións para minimizar o impacto dos contaminantes no ambiente, centrándose no estudo de estratexias de redución de residuos e procesos de eliminación de contaminantes en augas residuais, refugallos e gases contaminados.

SAÍDAS PROFESIONAIS

- **Enxeñeira/o de produción ou de proceso,** en empresas de procesos químicos, petroquímicos, farmacéuticos, alimentarios, biotecnolóxicos, téxtiles, ambientais...
- **Enxeñeira/o de proxecto e deseño,** en empresas de enxeñaría, incluíndo aplicacións a procesos de produción, plantas de tratamento de augas residuais e de residuos...
- **Consultor/a,** en áreas de produción, xestión ambiental, control e prevención de riscos, etc.
- **Xestor/a ou Administrador/a** en empresas, en áreas de organización ou dirección.
- **Técnica/o da administración,** local, autonómica ou estatal.
- **Profesor/a,** en centros de ensino medio.
- **Acceso** a diferentes másteres universitarios.

NOVA INCORPORACIÓN

Número de Prazas (2011-2012) 60	Nota de Corte (2010-2011) 8,16 <i>PAAUU Xuño Opción Preferente</i>
---	--

Ponderación de materias fase específica Selectividade

0,1	Bioloxía, C. da Terra e Ambientais, Deseño, Economía da Empresa, Electrotecnia	0,2	Debuxo Técnico II, Física, Matemáticas II, Química, Tecnoloxía Industrial II
-----	--	-----	--

ASPECTOS MÁIS DESTACADOS DA TITULACIÓN

- Por 5ª vez consecutiva, entre as 5 mellores de España (El Mundo, 5 maio 2010)
- O título de Enxeñaría Química está acreditado pola Institution of Chemical Engineers.
- Formación pluridisciplinar, impartida por docentes de varios centros da Universidade e profesionais procedentes de empresas.
- Laboratorios de prácticas ben dotados, con instalacións a escala de Planta Piloto.
- Programa de prácticas en empresas para achegamento ó mundo laboral.
- Programas de intercambio Erasmus, Alfa e Séneca con Universidades Europeas, Americanas e Españolas.
- Actividade investigadora destacada (entre as 5 mellores de España e as 15 mellores de Iberoamérica: <http://investigacion.universia.net/isi/sis.html>).
- A ETSE acolle as sedes do Colexio de Enxeñeiros Químicos de Galicia, da ONG Enxeñeiros sen Fronteiras e da International Society of Automation (ISA-USC), ademais da Aula de Enerxías Renovables da USC.
- A ETSE está situada no Campus de Excelencia Internacional da USC, ó carón do casco urbano da cidade de Santiago de Compostela.
- A Cidade e a Universidade de Santiago de Compostela destacan polas súas actividades sociais, culturais e deportivas.

ALGÚNS DATOS DE INTERESE

Aulas de Teoría	509 postos en 6 aulas
Laboratorios de prácticas	5 laboratorios e 1 planta piloto
Aulas de Informática	8 aulas con 25-35 postos por aula
Biblioteca	174 postos de lectura
Número de cursos	4 cursos académicos
Duración media dos estudos*	6,4 anos (media en España maior de 7 anos)
Baixa taxa de abandono†	11% (media das Enxeñarías en España 28%)
Tempo medio en atopar traballo ⁺	3,5 meses
Conexión WIFI en todo o edificio	

* Tempo medio que tarda un estudante en finalizar os seus estudos na actual titulación de Enxeñaría Química (5 anos)

† A taxa de abandono indica a porcentaxe de estudantes que deixan os seus estudos

+ Informe ACSUG, 2009



O curso 2010-11 iniciouse a transformación da titulación de Enxeñaría Química de 5 anos aos novos títulos de Grao en Enxeñaría Química e Máster en Enxeñaría Química, adaptados ó Espazo Europeo de Educación Superior. A titulación de Enxeñaría Química foi establecida durante o curso 1994/95 e impártese na Escola Técnica Superior de Enxeñaría da Universidade de Santiago de Compostela.



Escola Técnica
Superior de
Enxeñaría

Escola Técnica Superior de Enxeñaría
Rúa Lope Gómez de Marzoa, s/n
Campus Vida
15782 Santiago de Compostela

www.usc.es/etse

Correo electrónico para Consultas sobre a Titulación

etse.eq@usc.es